

EDUCACIÓN DIXITAL INNOVADORA

PROXECTO
ABALAR



XUNTA DE GALICIA E UNIÓN EUROPEA



EDIXGAL

EDUCACIÓN DIXITAL



QUE PRECISO SABER?

Guía rápida para o alumnado
de 5º e 6º de EP
Ceip Anexa - Lugo

O ordenador que me entregan vai ser meu?

Non. O ordenador pertence á Xunta. Entrégaseche en condición de préstamo. Pero, mentres o uses, ti es o responsable del.

Só imos usar ordenador para escribir?



Tamén escribiremos no caderno. É moi importante non perder este costume.

Como entro no Edixgal?

Na seguinte páxina: <https://eva.edu.xunta.es>

O titor/a facilitarache unha credencial cun nome de usuario e un contrasinal (que poderás cambiar ao teu gusto).
Moi importante non esquecerse destes datos!

Por onde sigo o temario?

Todos os temas e actividades das distintas materias están na plataforma Edixgal.

Que pasa se non teño wifi na casa?

Non te preocupes. Temos a opción de descargar a materia, gardala nun pendrive, e, levala sempre connosco sen necesidade de que haxa wifi.

Que fago se teño unha avaría no ordenador?



Sempre, avisar ao titor/a o máis cedo posible. Se é defecto do ordenador, arránxanolo. Se é polo mal uso que lle dás, terás que facerte cargo do que custe arranxalo.

Podo usar o chat do edixgal na clase?



Non debes! O uso correcto do chat é moi importante! Usalo na clase, vai facer que perdas atención no que se está a facer. De todos xeitos, o chat só está pensado para comunicarte co teu mestre/a.

O titor/a sabe se accedo a outra páxina cando estamos na clase?



Abofé que si! Todos os ordenadores do alumnado están conectados ao ordenador do titor/a, polo que , el/ela sempre vai saber se estás no sitio correcto.
De non ser así, pode bloquear o teu ordenador, e terás moitas probabilidades de ter unha sanción.

Podo instalar algún programa no ordenador?

Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.

